

IES LAXEIRO DE LALÍN

GUÍA FAMILIAS PROTOCOLO COVID

CURSO 2020-21

- Durante esta difícil etapa na que nos atopamos, solicitamos a colaboración das familias, para facilitar o traballo do centro escolar ao que van asistir as súas fillas/os. Resaltar que somos docentes e non profesionais sanitarios, polo que só podemos poñer á súa disposición os medios dos que dispoñemos para que seus fillos teñan o entorno escolar máis seguro posible e seguir o protocolo da Xunta dentro das nosas posibilidades humanas.

-Estamos traballando no protocolo **para garantir a seguridade dos seus fillos**, na sinalización do centro e das portas de entrada, marcando os espazos entre pupitres, poñendo mamparas nos espazos da Aula de Informática onde non se pode manter a distancia de seguridade, e realizando outras obras, pero non sabemos como vai evolucionar a pandemia nin o que está a pensar a Xunta acerca do principio de curso, polo que pedimos especial atención ás comunicacións que lles iremos enviando a través dos vehículos oficiais dos que dispoñemos.

- **A páxina web do centro será un dos vehículos oficiais** de información e é recomendable que estean pendentes das novidades que vaiamos incluíndo nela. Esta información **estaré complementada** coa difusión da información a través de SIXA, CLASSROOM e mesmo Whassap, pero a vía oficial será a Páxina Web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslaxeiro/>

Ademais, vostedes recibirán avisos importantes e comunicacións a través de ABALAR, polo que é conveniente que o teñan instalado TODAS AS FAMILIAS o día 23 de setembro. Existen videos titoriais na páxina da Xunta de Galicia que poden servir de guía:



<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/noticia/publicados-nuevos-videotutoriais-para-docentes-y-familias-uso-de-agueiro-comunidades>.

Na páxina web poderán atopar protocolo máis amplos que realizamos para o centro e que estarán colgados na mesma a mediados de setembro.

(PLAN DE ADAPTACIÓN-PLAN DE CONTINXENCIA-PLAN DE ACOLLIDA)

- A Dirección e o persoal do centro estará á súa disposición, **durante todo o curso escolar en horario lectivo**, para resolver ou aclarar as súas dúbidas, para o que terán os teléfonos do centro e a dirección de correo electrónico habilitadas.

TELÉFONO DO CENTRO: 886151940

CORREO ELECTRÓNICO: ies.laxeiro@edu.xunta.gal

O Equipo Directivo está formado por:

Director: Eugenio Grande Sierra Tlfno.- 886151943

Vicedirectora : Rosa María Alvarez González Tlfno.- 886151949

Secretaria: Marina Pardal Varela Tlfno.- 886151946

Xefe de Estudos Diúrno: Xavier Gallego Fernández Tlfno.- 886151941

Xefe de Estudos Adultos:X.Manuel López Fernández Tlfno.- 886151942

- Ademais, haberá un Equipo COVID co que terán que contactar para calquera incidencia coa COVID e que estará formado por:

COORDINADOR COVID:

- Eugenio Grande Sierra Correo: egsierra@edu.xunta.gal

- **Teléfono: 881938162 / EQUIPO COVID**

PROFESOR/AS COVID:

- **Teresa Martínez Palmero: Correo : teresam.palmero@edu.xunta.gal**

- **Ricardo Vázquez Vaamonde. Correo: rvaamonde@edu.xunta.gal**

- Todo o profesorado, títore/as, ao comezo de curso, estará perfectamente informado e preparado para a situación que imos a ter este curso , e ademais, durante as dúas primeiras semanas de curso, estamos programando unhas sesións para que o alumnado coñeza as normas de hixiene e o funcionamento da aula virtual, E-Dixgal, emails, CLASROOM, Abalarmóbil , whassap, e mesmo alguna rede social, contempladas no Plan de Comunicación. Aparte disto, **prepararanse unas ferramentas para o alumnado que**



estarán colgadas en Classroom do centro proximamente, e que vostedes poderán repasar con eles na casa.

- **Todo o persoal do centro** usará máscara nas mesmas condicións que o alumnado. Ademais, dúas limpadoras pola mañá e dúas pola tarde ocuparanse das tarefas de limpeza e desinfección.

- **Durante este curso as familias non poderán entrar no centro nin permanecer nel.** Se teñen que recoller o seu fillo/a deberán avisar con antelación mediante unha chamada telefónica ao centro. As titorías faranse todas de xeito telefónico, telemático ou por calquera outro medio que concerten co titor a principio de curso

É recomendable que lean estas instrucións con atención e as garden nun lugar visible, porque rexirán mentras dure a pandemia e as autoridades sanitarias nolo indiquen.

COMEZO DE CURSO

Temos a previsión de comezar o día 23, 24 e 25 de setembro cunhas xornadas de adaptación COVID. Serán tres días nos que o alumnado virá unhas horas de forma escalonada por cursos para familiarizalo coas novas medidas da COVID que rexirán todo o curso.

- **Día 23 de setembro:** 1º e 2º ESO, 1º Bacharelato, 1º Ciclo Medio de X.Administrativa, Electromecánica e Electricidade ,1º Ciclo Superior de Administración e Finanzas e Mecatrónica,
- **Día 24 de setembro:** 3º ESO, 2º Bacharelato, 2º Ciclo Medio de X.Administrativa, Electromecánica e Electricidade, 2º Ciclo Superior de Administración e Finanzas e Mecatrónica
- **Día 25 de setembro:** 4ºESO e 1º e 2º de Formación profesional Básica

Horario das presentacións:

	23 DE SETEMBRO	24 DE SETEMBRO	25 DE SETEMBRO
11.00H-12.00H	1º BACHARELATO	2º BACHARELATO	FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA
12.00H-13.00H	1º CURSO CICLOS FORMATIVOS	2º CURSO CICLOS FORMATIVOS	
13.00H-14.30H	1º e 2º ESO	3º ESO	4º ESO

O alumnado da ESO terá transporte escolar ás 14.30h para regresar ao seu domicilio.

As clases para todo o alumnado do centro empezarán o luns 28 de setembro



1. ANTES DA CHEGADA AO CENTRO:

- **Para a detección precoz da enfermidade no alumnado**, deberán realizar, antes da chegada ao centro, unha auto avaliación dos síntomas (Anexo 1) a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. Se vostede contesta afirmativo a algunha das preguntas deste test deberá, inmediatamente, chamar ao seu centro de saúde de referencia e avisar a un dos coordinadores COVID do centro escolar chamando ao teléfono do centro.

- **A canle de comunicación** para dar a coñecer ao equipo COVID (Véxase membros do Equipo COVID) os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias será **o teléfono do centro 886151940 / Equipo COVID-19.**

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumno/a non acudirá ao centro e el ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a. Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos pais ou titores legais.

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia (teñen unha folla que cubriron na matrícula coas persoas autorizadas nas recollidas) que deberá presentarse no centro á maior brevidade posible. **Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a solicitude dun test diagnóstico.** Se o pediatra ou facultativo non tivera consulta no mesmo día, acudirá ao PAC onde será avaliada a solicitude do test diagnóstico. Se isto non fora posible, contactarase co equipo sanitario do centro de saúde que teña asignado o centro educativo.

Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, os nenos e nenas ou o persoal do centro que convivan con elas NON PODERÁN ACUDIR AO CENTRO ata que se coñeza o resultado da proba e

sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á **COORDINADORA COVID** do centro.

ANEXO 1

<i>Presentou nas últimas 2 semanas?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Tivo <i>CONTACTO</i> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		
<i>CONVIVIU</i> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		

2. CHEGADAS E SAÍDAS DO CENTRO:

Diferenciamos catro portas de acceso ao colexio:

1. Porta principal. (1º ESO A-B-C-D , 4º ESO C e 1º BAC B)

**2. Porta Emerxencia Pavillón A. (Ciclos Formativos Administración ,
2º ESO A-B-C-D e 3º ESO A /PMAR)**

**3 Porta de talleres, rúa F. (Ciclos Formativos FP Básica-Automoción-
Electricidade e Mectrónica))**

**4. Porta “PATIO” rúa Luís González Taboada (1º BAC B e 2º Bacharelatos
A -B , 3º ESO B– C- D e 4º ESO A -B)**

Organización das entradas e saídas:

ENTRADAS		SAÍDAS	
1º e 2º ESO	→ 08,45h á 08,55h	1º e 2º ESO	→ 14,25h á 14, 30h
3º ESO	→ 08,45h á 08,55h	3º ESO	→ 14,25h á 14,30h
4º ESO	→ 08,55h á 09,00h	4º ESO	→ 14,30h á 14,35h
Bacharelatos	→ 09,00h.	Bacharelatos	→ ás 14;35h
FPBásica	→08:55 á 09:00h.	FPBásica	→ 14:30 á 14:35h
Ciclos.	→09,00h	Ciclos.	→ ás 14,35h
Tarde do luns:			
Ciclos	→16,00horas	Ciclos:	→ 18,30h
Tarde do mércores			
Ciclos	→16,00horas	Ciclos	→ás 18,30h.

O obxectivo principal da proposta que facemos a continuación é evitar as aglomeracións e os tempos de espera nas entradas e saídas.

O éxito desde plan vai depender do cumprimento estrito dos horarios establecidos tanto polas familias, transporte, así como por parte do profesorado.

3. MEDIDAS DE HIXIENE E SEGURIDADE PARA O ALUMNADO:

- **Todo o alumnado do centro** deberá vir provisto de máscara e dun xel hidroalcóhólico no seu estoxo.

Se a máscara é dun só uso lembren que hai que cambiala cada catro horas (cambiaríase ás 12,30 na clase).



Están permitidas as pantallas de seguridade persoal sempre que se usen con mascarilla.

- **É obrigatorio sempre o uso da máscara nas entradas e saídas do centro, nos recreos**, nas aulas e nos cambios de aula e nas clases de Música, Informática, Laboratorio, Talleres de Tecnoloxía, Aula de Plástica e Educación Física e tamén cando o profesorado o indique. En todo caso, nas aulas especiais terán as súas propias normas, establecidas polas profesoras que impartan estas materias, que estarán colgadas na páxina web do centro e das que o alumnado estará informado a principio de curso polo profesorado correspondente.

- **Nas aulas, o alumnado estará situado de forma individual** mantendo unha distancia dun metro e medio que é o que indica o protocolo da Xunta. En todo caso, non poderán xirarse cara aos seus compañeiros ademais de que non poderán compartir material.

- Cada alumno do centro deberá traer na súa mochila o seguinte:

- a) Estuche de material cos seus bolis, lápices e demais utensilios de traballo identificados co seu nome
- b) Libreta multimaterias identificada
- c) Máscara de repostro identificada
- d) Bote de xel hidroalcohólico co nome

- **Durante as dúas primeiras semanas de curso**, o profesorado/titores, explicarán aos seus alumnos/as as medidas de hixiene xerais e as medidas especiais nas diferentes materias e tamén na cafetería e na Biblioteca do centro.

- **En todos os espazos do centro** o alumnado disporá de xel hidroalcohólico, xel desinfectante, papel e papeleiras axeitadas á normativa.

- **Se un alumno non trae máscara** quedará illado ata que seus familiares/titores/ pais lle proporcionen unha, **mais en ningún caso se permitirá estar no centro a ningunha persoa sen máscara**, polo que é moi importante que se aseguren que seus fillos traen a máscara ao centro.



- **Deben intentar non traer nada de valor** ao centro xa que as aulas permanecerán abertas o maior tempo posible para airealas e o servizo de taquillas non funciona. Lembren que os teléfonos móbiles non son necesarios ,agás que un/unha profesor/a o necesitase para alguna actividade
Tampouco estará permitido o intercambio de material entre o alumnado.

- Para garantir a seguridade non haberá durante este curso, a non ser que mellore a situación, actividades extraescolares ou complementarias nin viaxes. Aínda así poderá haber excepcións, moi puntuais e autorizadas, se se pode garantir a distancia de seguridade cun número pequeno de alumnado. Tamén se poderán realizar sempre que sexan de forma telemática.

4. CIRCUNSTANCIAS ESPECIAIS QUE IMPIDAN USO CONTINUADO DE MASCARILLAS:

Se existise algunha circunstancia especial que impida que seu fillo teña posta a mascarilla durante o tempo recomendado, deberá comunicalo inmediatamente ao titor/a; esa comunicación virá acompañada do correspondente certificado médico e cunha xustificación exhaustiva dese feito. **No caso de que o alumno non poida facer uso da mascarilla, o centro tomará medidas especiais para o seu tempo de lecer**

5. FAMILIAS NO CENTRO E TITORÍAS:

- **A principio de curso proporcionarase información xeral de orientación e dirección nun documento informativo** do que se enviará por CLASROOM e SIXA un enlace e estará colgado na páxina web do centro.

Se as circunstancias e o número de participantes na reunión o permiten, programarase unha única reunión coas familias para primeiro de ESO co titor á que poderá asistir un único membro da familia (excepcionalmente por ser o alumnado máis pequeno e novo no centro).

IMPORTANTE: Mentras dure a pandemia, **non se permitirá a permanencia no centro das familias**, as titorías serán concertadas da seguinte forma:

A familia concertará unha cita preferentemente a través do correo electrónico do centro: ies.laxeiro@edu.xunta.es, sinalando no asunto con que profesor queren solicitar a cita, se a familia non tivera correo electrónico poderá chamar ao centro para solicitar a cita. O titor porase en contacto con eles á maior brevidade posible, e da forma que considere, durante un horario amplo que a familia deberá comunicar no momento de solicitar a cita e que terá que ser dentro do horario lectivo.

5.1. TRÁMITES NO CENTRO:

-Para a realización de **trámites** no centro (certificados, etc...) dispoñemos dun horario limitado que non pode coincidir cos momentos libres do alumnado, polo que é recomendable que soliciten o que precisen ou pidan cita previa no correo: ies.laxeiro@edu.xunta.es

6. CASO QUE TEÑAMOS UN NOVO CONFINAMENTO OU SUSPENSIÓN DE CLASES POR CASOS NO CENTRO:

- Nas primeiras semanas de curso, e como tarde a finais do mes de setembro, o alumnado estará perfectamente formado e rexistrado para traballar coa Aula Virtual, E-Dixgal, Classroom. O profesorado indicarlles a forma de entrar, subir traballos, enviar correos electrónicos e todo tipo de destrezas dixitais imprescindibles para o traballo na casa

- **A principio de curso moitos de vostedes facilitáronnos coa matrícula** uns correos electrónicos seus e dos seus fillos. No caso que os rapaces non teñan correo electrónico o centro lles facilitará un co seu consentimento.

- Tamén teremos un rexistro das persoas que non teñen internet ou ordenador na casa. No caso dun novo confinamento, comunicarlíamolos con eles persoalmente vía telefónica para atopar unha solución

PARA CALQUERA DÚBIDA, SUXERENCIA OU ACLARACIÓN PODEN ENVIAR UN CORREO ELECTRÓNICO A:

ies.laxeiro@edu.xunta.es